

CARLOS CASARES

# A cultura galega no século XXI

25

AS NOSAS VOCES



CONSELLO  
DA CULTURA  
GALEGA





## **A cultura galega no século XXI**

**Edita**

© CONSELLO DA CULTURA GALEGA, 2017  
Pazo de Raxoi · 2º andar · Praza do Obradoiro  
15705 · Santiago de Compostela  
T 981 957 202 · F 981 957 205  
correo@consellodacultura.gal  
www.consellodacultura.gal

Libro + CD

**Proxecto gráfico**

Imago Mundi Deseño

**Realización**

Lúdica7

Depósito Legal: C 1710-2017  
ISBN 978-84-92923-87-8

CARLOS CASARES

# A cultura galega no século XXI



25 | AS NOSAS VOCES

Santiago de Compostela, 2017

# Limiar

Dolores Vilavedra

Moiito se leva falado do Carlos Casares narrador oral, conversador infatigable e amenísimo, capaz de engaiolar as audiencias máis diversas, unha faceta esta por el reivindicada ata o extremo de considerarse, sobre todo, «un contador» e de considerar a conversa como unha das tres cousas que (xunto coa literatura e a amizade) máis amaba. Porén, pouco ou nada se leva dito da súa capacidade oratoria e da súa actividade como conferenciante, que o levou por todo o mundo a falar para públicos eruditos e académicos pero tamén para xentes do común que gozaban coa sinxeleza fluída do seu verbo. Este 2017 deu ao prelo moitas desas intervencións, algunhas delas aínda inéditas, coma esta que hoxe publicamos aquí. Froito desta vontade de pór en valor o Casares orador é, por exemplo, o volume *Casares en Compostela. Universidade e literatura*, editado pola USC e centrado nunha serie de conferencias de formato máis ben académico que teñen a súa orixe –máis ou menos remota– no labor investigador ao que o ourensán dedicou tantas horas na década dos 70, coa vista posta nunha tese de doutoramen-

to que finalmente non chegou a rematar. Outra faciana do Casares narrador oral amósanola a colectánea *O expreso da literatura e outros ensaios*, onde se recolle a que seguramente foi a súa derradeira conferencia, pronunciada dez días antes do seu pasamento, ademais dalgunhas outras de tema literario, impartidas en distintos foros (seminarios, cursos, xornadas...), que continúan a súa aposta por unha modalidade discursiva que Casares denominaba «ensaio narrado» e que posiblemente tivo o seu cruxol nos Encontros Literarios de Verines, dos que foi asiduo participante dende 1986, xunto con outros moitos escritores e escritoras do Estado español.

Esta conferencia que hoxe recuperamos na voz do propio Casares foi pronunciada en 2001 no Congreso «A Cultura no Século XXI» e, na liña das publicacións devanditas, pretende reivindicar a oratoria casariana non só na súa faceta máis coñecida de contertuliano senón sobre todo como comunicador público. Cando falaba, Casares exercía a mesma vontade comunicativa que na escrita. Se resulta doado detectar na súa obra xornalística a pegada do seu rexistro oral, tamén é moi visible nas súas intervencións públicas. Ao Casares orador pódese aplicar a célebre máxima cunqueira —levemente retocada— e afirmar que «contaba claro e sinxelo, coma quen come pan». Sendo como foi un dos



escritores galegos que máis reflexións metaliterarias nos legou, asombra comprobar que non hai diferenza ningunha entre os seus obxectivos estéticos cando escribía e cando falaba. É ben coñecida xa a metáfora que desenvolveu para explicar o seu estilo, que segundo el debía ser «como unha ventá ben limpa que permita ver ao seu través. Hai escritores que prefiren converter a ventá nunha gran vidreira, pero entón o cristal é o protagonista e apenas deixa ver o que hai ao outro lado. Eu prefiro a ventá pulida». *Mutatis mutandis*, este principio retórico acáelle de vez a calquera das súas intervencións orais e, en concreto, a esta que hoxe reproducimos aquí.

Os desafíos cos que a cultura galega se ía ter que enfrontar no século XXI eran un tema que seducía ao Casares intelectual e que abordou reiteradamente en foros formais e informais, como teñen manifestado os seus compañeiros do consello de redacción da revista *Grial*, que, na época en que Casares a dirixiu (durante 16 anos, dende 1989 ata o seu pasamento), atendeu a temas relacionados coa socioloxía, a arquitectura ou a divulgación científica, que ata entón estiveran ausentes dunha cabeceira tradicionalmente centrada en asuntos filolóxicos e históricos. Pero ademais eses temas eran obxecto de substanciosos debates nas tertulias que seguían á cea coa que tradicionalmente lle puñan o ramo ás

sesións de traballo arredor da revista. Aí Casares despregaba non só a súa erudición senón tamén unha información absolutamente actualizada pois non esquezamos que lía fluidamente varias linguas, nomeadamente o inglés, e que estaba suscrito a diversas revistas internacionais, a través das cales tiña sempre unha información actualizadísima dos debates que daquela mantiña a comunidade intelectual e científica. Se a isto lle engadimos a fluidez da súa fala e o didactismo da estrutura discursiva dos seus monólogos, podemos entender moi ben que aquelas tertulias de sobremesa fosen un factor clave na evolución e apertura temática da revista.

Falei de didactismo, e é que estou certa de que por tras do Casares conferenciante asomaba o Casares ensinante. Pouco se leva falado da profesión que durante décadas lle permitiu ao escritor gañar a vida, malia que nos consta que deixou unha boa lembranza en colegas e alumnado. Non foi un docente militante, nin sequera un docente entregado, pero si quixo ser –como en tantas outras facetas da súa vida– un sedutor. Como lle confesou ao xornalista Ramón Loureiro, el entendía que a función do ensinante era «capacitar o alumno para ler, facer que os rapaces gocen lendo». Esa mesma vontade de sedución, que no fondo xurdía dunha concepción hedonista da vida, era a que inspiraba as intervencións

orais de Casares: a súa dialéctica nunca tentaba vencer, senón convencer.

Cando Casares imparte esta conferencia, en 2001, ten claro xa que hai dous elementos da cultura do futuro que van ser determinantes para a humanidade: a revolución dixital e a globalización. Sobre estas cuestións Casares vai falar e escribir arreo, entre outras razóns porque ambas converxen con dúas das súas grandes paixóns: a tecnoloxía e a ciencia. Firmemente convencido de que os avances tecnolóxicos poden axudar o ser humano a vivir mellor e de que ciencia e humanidade non poden progresar de costas unha da outra, Casares non só argumentou reiteradamente en defensa destas ideas, senón que as incorporou á súa praxe pública e privada. Xa se ten contado en moitas ocasións a fascinación casariana por todo tipo de trebellos tecnolóxicos, así coma os seus abraiantes coñecementos científicos, e non vou voltar aquí sobre estas cuestións, pero si quero sinalar que só da plena interiorización destas conviccións pode xurdir unha reflexión como a que reproducimos aquí.

Casares comeza poñendo o foco nunha idea que hoxe pode resultarnos obvia, pero que no arrinque deste século era pouco máis ca unha profecía tópica e unha pose milenarista. O paso do tempo non fai máis que darlle a razón: daquela

anunciábase un cambio de ciclo, e iso obrigábanos a repensar non só o presente senón tamén a nosa relación co pasado. A partir desta aseveración, Casares pasa a describir a Galicia de entre séculos (XX-XXI) como unha sociedade moi semellante á da preguerra, cando menos no referido ao universo simbólico a través do cal nos construímos e co que nos identificamos, como individuos e como comunidade. Non sorprende que, coma sempre, o ourensán considerase a xeración Nós como o punto de inflexión dunha concepción da galeguidade da que, segundo o seu criterio, seguimos a ser debedores, xa no alborear do século XXI. Dende que na fase final da súa andaina universitaria Casares descubriera a obra e o pensamento de Risco, Otero, Cuevillas, Castelao... non deixou de dialogar con eles. Velaí está, sostivo sempre Casares, o cruxol do que hoxe somos, pois o proxecto cultural e político daquela Xeración tería continuidade no que Galaxia despregou como estratexia de supervivencia fronte á ditadura franquista.

Unha vez sentada esta premisa, Casares –sempre dialéctico– aborda o que el parece considerar o punto feble do proxecto Nós: o feito de configurarse nun momento en que Galicia era un país moi pouco evolucionado. Para el, a vida das xentes na Galicia da década dos 20, na Galicia de Nós,

era moi semellante á dos séculos precedentes e, polo tanto, o modelo identitario que daquela agromou estaba pensado para unha Galicia rural que xa non existía. Este breve percorrido pola historia do noso país faino Casares coa soltura e a capacidade de síntese que só proporciona o coñecemento e a reflexión: non hai aquí improvisación, senón o diagnóstico de quen levaba meditado moito, e moi fundadamente, nesas cuestións.

Polo tanto, o Casares intelectual, e que entende esa función como a praxe da dúbida reflexiva (esta idea apúntase tamén no texto), pasa a preguntarse como podemos construír unha identidade galega viable no novo mundo da globalización que xa non ten volta atrás. E aquí xorde –non podía ser doutro xeito– a cuestión da lingua. Casares abordouna sempre co optimismo informado e escéptico que o caracterizaba e tamén cunha valentía que non sempre foi entendida e que lle permitiu facer afirmacións ás veces polémicas mais sempre lexitimadas polo seu indesmaiable compromiso co galego como lingua de expresión pública e literaria. Así, se por unha banda o escritor fai aquí fincapé nas capacidades evolutivas dun idioma como o galego, que nun período relativamente reducido de tempo conseguiu dotar unha lingua oral e popular dun rexistro escrito, imprescindible para conver-

terse nunha lingua culta e moderna, por outra reclámalles aos poderes políticos unha diagnose do proceso de normalización lingüística, das súas fortalezas e debilidades, que el consideraba ferramenta imprescindible para o avance do proceso.

E todo isto Casares faino coa lucidez e a honestidade intelectual que sempre o caracterizaron, e que o levan a dudar do tan estendido tópico de que os procesos de estatalización sexan sempre positivos para a resolución das situacións de conflito lingüístico como a galega (o que non deixaría de resultar polémico, cando menos entre determinados sectores da nosa cultura). Mais onde o intelectual se revela como máis ousado e provocador é ao cuestionar, aínda que só sexa de esguello, o intocable criterio filolóxico que converte o idioma na valencia fulcral da galegitude. Atrevéndose a dudar do seu valor diferencial en termos identitarios, Casares abona un debate aínda aberto nos nosos días e que abordaría máis polo miúdo noutras ocasións: por exemplo, ese mesmo ano 2001 no Foro Galicia Empresa (o texto desa conferencia, titulado «Reflexións sobre a lingua galega, o seu pasado e o seu futuro», está recollido no xa citado volume *O expreso da literatura e outros ensaios*).

A conclusión que Casares tira deste exercicio dialéctico constitúe, na súa sinxeleza, todo un desafío porque resulta ser, nin máis nin menos, que un programa político para a Galicia do século XXI: a nosa cultura só poderá sobrevivir no escenario da globalización se se expresa en galego porque o idioma foi o único elemento do universo simbólico constituínte da nosa identidade que conseguiu sobrevivir ata hoxe. Calquera asomo de esencialismo que poida haber nesta argumentación resulta desactivado polo pragmatismo intelectual de Casares: a aposta polo idioma non é só unha aposta emocional senón que se sustenta tamén (sobre todo?) en razóns funcionais.

Mais que ninguén se confunda. Toda esta argumentación que apresuradamente tentei resumir aquí non se desenvolve a través dun alarde plúmbeo de erudición, nin de exhortacións apostólicas nin de sermóns recriminatorios, modelos retóricos tan habituais na reflexión cultural. Casares debuxa con elegancia unha cartografía conceptual que nos leva con axilidade, e case sen decatármonos, por unha liña do tempo que vai dende a Idade Media ata un presente dende o que se esforza por albiscar o futuro. Facer isto coa claridade e eficacia con que aquí se fai non é casualidade, nin resultado da inspiración das Musas: é o froito da escolla consciente dun

registro discursivo que tiña como obxectivo último e fundamental conseguir a comunicación cun público, fose lector ou auditor. A ese compromiso foi fiel, sempre, o Casares contador.

Non quero rematar estas palabras sen chamar a atención, xustamente, sobre como Casares lle pon o ramo ás súas. Despois de despregar ao longo de toda a conferencia un argumentario de tipo conceptual e analítico, Casares sorpréndenos cun pinchacarneiro final, na mellor tradición retórica dos finais climáticos, para poñer(nos) os pés na terra, e narra unha fermosa anécdota familiar, case íntima, que ilustra á perfección todo canto ata entón tentara explicar. Este salto abrupto do universal ao singular obedece, unha vez máis, ao seu afán de chegar a todos os públicos, sen distinción. A fermosa metáfora final do axóuxere codifica á perfección a acelerada viaxe que, na súa opinión, terán que facer todas as culturas –e non só a galega– que queiran sobrevivir no incerto mundo da globalización. Como nos seus artigos de «Á marxe», Casares non desaproveita ocasión para ensinarnos a pensar o mundo tamén dende o cotián.



# A cultura galega no século XXI

Carlos Casares



**Presentador.-** Bos días a todos. Teño o pracer de presentar a Carlos Casares, aínda que, sendo lugar común, non fai falla presentalo.

Moitas veces sinto envexa escoitando algúns dos nosos mestres que coñeceron os grandes sabios desta terra, como foi Otero Pedrayo, Vicente Risco ou Ramón Piñeiro, xente que os coñeceu, que os tratou, que aprendeu moito deles, Castelao. Penso tamén que nós temos a sorte de coñecer, de tratar, a xente como Carlos Casares, outras personalidades, outros persoeiros que viven día a día con nós en Galicia.

Carlos Casares reúne, por unha banda, unha personalidade creadora, literaria, de primeirísima liña, unha das grandes figuras da narrativa galega contemporánea, autor de moitos títulos que todos temos na cabeza. Entre eles, eu destacaría, simplemente, *Ilustrísima*. O texto, un deses textos fundamentais da nosa literatura, como é, por exemplo, *O principião*, para a literatura francesa, *El viejo y el mar*, para a literatura angloamericana, ou incluso noutras épocas, *Pla-*

*tero y yo*, para a literatura en lingua española. Carlos Casares é autor desa novela perfecta que se chama *Ilustrísima*. Doutra banda, como sabedes, ten unha dimensión social e cultural importantísima para nós, presidindo o Consello da Cultura Galega, dirixindo a Editorial Galaxia, e tantas e tantas tarefas que desenvolve ao longo da súa vida entre nós. Sen máis, déixovos con Carlos Casares.

**Carlos Casares.**- Moitas grazas a Chema pola súa amable presentación. Moi bos días a todos.

Imos reflexionar durante algún tempo sobre esta cuestión relacionada coa cultura galega xa entre dous séculos, porque aínda que, cando nos referimos ao século pasado, nos custa moito adaptarnos á idea de que non estamos falando do dezanove senón xa do século vinte, en realidade vivimos entre dous séculos. Dous séculos que, normalmente, aínda que nos custe entender por que razón, adoitan marcar sempre cambios de tendencia. Xeralmente, se analizamos os últimos mil anos, mil quiñentos anos, vemos que os grandes cambios se inician a finais das centurias e se completan na centuria seguinte. Nós tivemos a sorte ou a oportunidade histórica de asistir a un cambio, un cambio importantísimo, que se inicia xa no século anterior e que probablemente se vai completar no século no que estamos. Quizais por vivir nesta circuns-

tancia, quizais por vivir nun momento de cambio, resúltanos moi difícil entender e comprender como vai ser ese mundo que empezamos a deseñar e que empezamos a albis-car agora. Entre outras cousas porque aínda nos custa moito prescindir do universo cultural no que fomos formados en Galicia e que é un universo que se deseñou, fundamentalmente, nos comezos do século actual, fundamentalmente nos anos anteriores á Guerra Civil.

Tense dito moitas veces que todos os galegos somos debedores da visión xeográfica de Galicia que nos deixou don Ramón Otero Pedrayo, aínda aqueles que non leron os libros de Otero sobre a xeografía de Galicia. Antes de don Ramón Otero Pedrayo, normalmente cando se falaba de Galicia, falábase como da Suíza española, falábase dun país que se puña sempre en relación con outro, fundamentalmente con Suíza. Foi Otero Pedrayo o que estudou Galicia como realidade singular, o que fixo un estudo das súas características xeográficas propias, que non eran similares ás de ningún outro país, dentro dunha filosofía creada polos homes da chamada xeración Nós que tivo como misión fundamental definir a Galicia desde perspectivas moi distintas. O mesmo Galicia como realidade física, que foi o que lle correspondeu facer a don Ramón Otero Pedrayo, como catedrático que era de Xeogra-

ffa, primeiro no instituto de Ourense, logo posteriormente na Universidade de Santiago. Definir Galicia como realidade cultural, desde o punto de vista etnográfico, que foi o que fixo don Vicente Risco, home que, inicialmente, foi licenciado en Dereito, sen formación universitaria profunda, posto que estudou a carreira por libre, sen vocación, desde Ourense, pero que xa como profesor da Escola Normal, despois de pasar unha tempada en Madrid formándose con eles, acabou dedicándose fundamentalmente ao estudo da cultura popular na súa vertente material e espiritual. Pódese dicir que Risco é un dos grandes responsables da definición da cultura galega como realidade etnográfica. Logo veremos ata que punto isto ten marcado a nosa visión da cultura galega dos nosos días.

Don Florentino Cuevillas, membro tamén desta xeración, quixo estudar Galicia como realidade histórica ou, mellor dito, como realidade prehistórica. Antes del tññase falado, sobre todo no século dezanove, da importancia que tivera un pasado máis ou menos mitolóxico relacionado co mundo celta. Todo isto era unha visión romántica creada polos escritores do século dezanove sen unha gran base científica. Foi don Florentino Cuevillas, home de formación universitaria relacionada co mundo das farmacias (el era farma-

céutico, aínda que nunca chegou a exercer como tal) pero que se consagrou como afeccionado chegando a ter unha gran competencia na materia como arqueólogo e prehistoriador. Neste sentido, como lle recoñecía o profesor Pericot, foi unha das grandes cabezas da prehistoria española. Foi el o que puxo por vez primeira as bases científicas do que podía ser un estudo da realidade prehistórica galega, pero sempre cunha intención moi definida e moi determinada, non como simple arqueoloxía destinada a reconstruír o pasado, senón como elemento destinado a ir configurando un futuro. Os homes de Nós non estudaban a cultura popular ou a arqueoloxía ou a prehistoria por razóns puramente profesionais, senón que eles trataban de sacar deses estudos unha definición ou proxecto cultural e incluso político para Galicia.

Finalmente, temos o caso de Castelao. Tamén membro desta xeración que, como pintor, debuxante ou incluso como profesor de arte, inda sendo inicialmente médico de profesión, se dedicou a estudar a arte popular a través de manifestacións moi diversas, pero, sobre todo, como vostedes saben moi ben, estudando os cruceiros, elemento moi importante da arte popular galega.

Polo tanto, foron estes homes da xeración Nós e algúns máis, dos que non imos falar agora, os que configuraron dal-

gunha maneira ese universo simbólico do que se entende por cultura galega, do que aínda en certa maneira seguimos sendo debedores. Ou, dito doutra maneira, prisioneiros, na medida en que esta maneira de entender Galicia é simbolicamente como unha cultura determinada, pertence irremediabilmente ao pasado e dificilmente, se non nos desprendemos dela, estaremos en condicións de afrontar o futuro. Creo que unha das grandes eivas do que podemos chamar a cultura, esa cultura galega que sae da xeración Nós, é a de estar aínda ancorada no século pasado, entendendo o século pasado non só como unha realidade temporal, senón incluso como un símbolo de algo que xa rematou.

Efectivamente, os homes da xeración Nós, cando definen esta Galicia, están falando dunha Galicia estable, dunha Galicia na que aínda non se teñen producido grandes cambios, nesa Galicia que as persoas que teñen agora arredor de cincuenta ou sesenta anos recordarán perfectamente como unha Galicia que non se diferenciaba moito, polo menos na súa realidade rural, do que fora a Galicia medieval. As persoas que coñeceron o campo galego dos anos cincuenta recordarán perfectamente que era un campo no que non se tiñan practicamente movido as cousas en mil anos, nin sequera na súa realidade física. A aldea era un



enleado de calellas sen pavimentar, de lama. Colocábanse, ás veces, polo medio unhas pedras para poder avanzar sen afundirse no barro. Conservábanse institucións medievais, como podían ser os concellos abertos, ou como a maneira de facer as tarefas colectivamente. Conservábase un forno colectivo para que todos os veciños cocesen o pan por rolda, asignándoselle a cada un un tempo. Non había luz eléctrica, etc. Ese mundo non se moveu practicamente en mil anos. A partir dos anos cincuenta, sesenta, iníciase unha transformación, que é a transformación que vén acompañada polos primeiros grandes cambios que se producen na cultura do século vinte en toda Europa e que empezan a chegar tamén a Galicia, aínda que tarde e lentamente, pero que van penetrando. E van penetrando fundamentalmente a través dos novos medios de comunicación, especialmente a televisión, e posteriormente tamén a través dos fluxos migratorios, da cantidade de galegos que nos anos sesenta abandonan Galicia en dirección Europa, non en dirección América, que foron a emigración que existía xa desde o século dezasete, dezaioito, pero que non tivera a transcendencia que ía ter a emigración europea, na medida en que a emigración que se dirixe a Europa trae xa uns valores que son máis propios dunha etapa da historia distinta que os que podían vir de América, que se

parecían no fondo bastante aos valores que tiñan abandonado os nosos emigrantes.

Iníciase, polo tanto, esa transformación. É o que se pode chamar a cultura galega, entendendo por cultura galega a que nace da xeración Nós e antes, quizais un pouco antes, das Irmandades da Fala, ese movemento que chegara a ter unha enorme importancia nos anos anteriores á Guerra Civil e que queda practicamente conxelado despois da guerra até que resucita arredor dos anos cincuenta. Ese movemento que ten, ademais dun proxecto cultural, ou, mellor dito, que dun proxecto cultural quere concibir ou deducir tamén un proxecto político; aínda nunha situación politicamente irregular, sen democracia, sen debate aberto, na clandestinidade, ese proxecto está en marcha. De maneira que, nos anos cincuenta, o que podemos chamar o galeguismo que procede da única forza política que reivindicaba este universo simbólico, cultural e un proxecto político, que era o Partido Galeguista, reconstrúese na clandestinidade e actúa, tamén, na clandestinidade durante todo este tempo en combinación con aqueles outros países do resto de España que tiñan tamén unha realidade similar, polo menos no plano cultural, á que tiñamos nós, que son Cataluña e o País Vasco.

Este proxecto, como digo, nos anos mil novecentos cincuenta practicamente non modifica os presupostos ideolóxicos construídos polos homes da xeración Nós. Podemos dicir que os continuadores do ano 1950, a xente que se move ao redor da Editorial Galaxia, no fondo, como eles declaran e recoñecen ademais dunha maneira explícita, séntense herdeiros de Nós e non introducen cambios substanciais. Cando se di que os homes da Xeración Galaxia tratan de introducir dentro da cultura galega elementos importantes da cultura europea, sobre todo no plano filosófico, a importación de Heidegger ou do existencialismo sobre todo alemán, non estamos falando de ningunha novidade. É certo que os homes de Galaxia traducen a Heidegger ou a Spranger. É certo que tratan de introducir dentro da cultura galega os grandes movementos filosóficos da Europa dos anos sesenta, pero nisto non se diferencian en absoluto do que tiña ocorrido cos homes de Nós, que, cando fundan a revista Nós, se declaran europeístas e consideran, ademais, que o que eles tratan de introducir na cultura galega son os grandes movementos culturais europeos. Polarizados cara a países como Irlanda, por exemplo, ou a outros países que eles estiman que hai certas similitudes, fundamentalmente a través daquel gran mito creado dos pobos celtas.

Pero antes de que os homes de Galaxia se declarasen herdeiros da xeración Nós e que, como eles, tratasen de entroncar a cultura galega coa cultura europea, xa tamén estes mesmos homes, Risco, Otero, Cuevillas, o propio Castela, que empezan militando fóra do ámbito da cultura galega, na cultura española ou castelá, a través do Modernismo, acaban trasladando todo o que é o postsimbolismo europeo todo o que son os valores culturais modernos, acábanos trasladando a unha cultura, a unha literatura, se vostede quere, como a galega, que nesa época é unha cultura moi ancorada na forma menos brillante do realismo literario (que si fora moi brillante no século dezanove) que foi o costumismo no que tiña caído a literatura galega a principios de século. Son os homes de Nós, precisamente, os que modernizan a literatura galega a través dese transvase que supón a súa formación modernista en castelán. Cando eles descubren no ano 1918, grazas á súa relación con Cambó, que existe unha literatura propia en lingua galega, que esa literatura pode non sucumbir, como eles pensaban que estaba a piques de sucumbir en mans do costumismo, senón que se pode revitalizar introducindo nela os grandes movementos estéticos do postsimbolismo europeo, que é o que fan. Polo tanto, cando en 1950 os homes da Xeración Galaxia incorporan á cultura galega os valores

culturais de Europa, sobre todo a filosófica, non están introducindo ningún cambio, seguen sendo continuadores. E non só seguen sendo continuadores nese desexo de entroncar a cultura galega na cultura europea, senón que seguen sendo continuadores tamén na concepción xeral de Galicia, e sobre todo da lingua.

Que ocorre coa lingua? A lingua galega tal como aparece nas primeiras reflexións lingüísticas dos homes de Nós é a depositaria da esencia dunha cultura. Tanto é así que os homes de Nós, e tamén posteriormente os homes de Galaxia, chegan a identificar de tal maneira cultura galega con lingua galega que chegan á conclusión de que, se Galicia perde-se a súa lingua, definitivamente perdería a súa condición de pobo singular dotado dunha cultura propia. Isto é, naturalmente, moi discutible desde o punto de vista lingüístico, desde o punto de vista antropolóxico, porque non sempre unha cultura se expresa unicamente a través dunha lingua. Ás veces hai culturas que comparten a mesma lingua. Por exemplo, Sapir tennos contado como nos Estados Unidos hai determinados pobos indios que comparten a mesma lingua, pero non comparten a mesma cultura. Que quere dicir isto? Que esas tribos falan o mesmo idioma, pero teñen culturas diferentes, polo menos, culturas materiais e espirituais, no

sentido de que non comparten, por exemplo, os mesmos instrumentos de labranza, teñen instrumentos distintos; non comparten a mesma literatura popular, ademais de compartir a lingua, polo tanto estamos falando de universos culturais distintos a pesar de compartir a mesma lingua. E, ao revés, tense dado o caso de pobos que comparten os mesmos instrumentos de cultura material, incluso comparten unha mesma cultura espiritual, en cambio non comparten lingua.

Este é un feito que debemos utilizar e que non se ten utilizado practicamente en Galicia cando se ten reflexionado sobre a importancia da lingua como elemento diferenciador fundamental desa cultura. Unha cultura, como temos no caso dos países latinoamericanos, non podemos pensar que peruanos, arxentinos, venezolanos, chilenos compartan con nós a mesma cultura. Que compartimos a mesma lingua, evidentemente. Pensen vostedes no problema da literatura. Temos un conxunto de literaturas na América hispana que comparten a mesma lingua, pero iso non nos leva a falar dunha única literatura, porque estamos falando tamén dunha única lingua. Nin os arxentinos están dispostos a aceptar que Mario Vargas Llosa pertence á literatura arxentina nin os peruanos estarán dispostos a aceptar que Borges pertence á literatura peruana. Compártese lingua, pero dificilmente

podería dicirse que estamos falando dunha única literatura, porque si que estamos falando de culturas distintas.

O tema é enormemente complexo e dificilmente estas cuestións son debatibles con serenidade. Os problemas lingüísticos sempre levan consigo unha carga emocional moi forte que ás veces os fai difíciles de tratar coa asepsia que poden ser tratados problemas desde un punto de vista sociolóxico ou desde un punto de vista científico. A reflexión lingüística en Galicia está neste sentido bastante lastrada e pouca innovación se ten feito neste aspecto concreto do que estou falando desde a xeración Nós ou desde a Xeración Galaxia para aquí. Evidentemente, cando os homes de Nós definen ese universo simbólico de tipo cultural, están definindo un universo simbólico rural, é dicir, cando están falando de que é Galicia, para eles Galicia é a Galicia fundamentalmente rural, porque a Galicia urbana consideran que dalgunha maneira perdeu o rumbo e perdeu a esencia do que era esa Galicia ancorada no campo. Aquí temos xa un primeiro problema que nos debe presentar un interrogante, é dicir, se Galicia se define esencialmente polas súas condicións culturais desta cultura rural, estamos falando evidentemente dunha sociedade condenada ao fracaso.

Está claro que se a Galicia que nos define como pobo é a Galicia da realidade espiritual e material que nos conta Risco, é unha Galicia condenada a sobrevivir unicamente nun museo. Se vostedes percorren Europa, verán que nos museos etnográficos aparecen alí, por exemplo, os elementos da cultura material dos pobos europeos que, en Galicia, aínda foron obxectos de uso cotián até moi recentemente. Eu recordo a primeira vez que entrei nun museo etnográfico en Suecia e atopeime con que obxectos que alí eran xa de museo e que desapareceran da vida como elementos prácticos, en Galicia aínda seguían sendo obxectos de uso cotián, pero, evidentemente, vendo como Suecia nos últimos corenta ou cincuenta anos se transformara dunha sociedade rural a unha fundamentalmente urbana e industrial, un podía ver claramente como aqueles mesmos obxectos en Galicia era cuestión de tempo de que acabasen reducidos á condición de obxectos de museo. Quen fala de elementos da cultura material, basicamente de instrumentos, fala tamén da cultura espiritual. Xa non podemos pensar que esa Galicia que ás veces evocamos soñadoramente como a Galicia na que se contaban contos arredor da lareira, esa Galicia na que había crenzas máis ou menos máxicas dun comportamento irracional da natureza ou máxico, se queren, da natureza. Todo isto que



para algunhas persoas aínda ten algo que ver ou tiña algo que ver nas nosas vidas, naturalmente, está condenado a desaparecer e, probablemente, está xa dando as súas últimas rabe-xadas. Debemos esquecernos, polo tanto, de que a Galicia que definiron os homes de Nós e que tamén trataron de redefinir, sen cambialo substancialmente, os homes de Galaxia, é unha Galicia se non desaparecida, en transo de desaparecer.

É certo que un dos elementos máis importantes desa cultura que hoxe podemos chamar xa sen rubor cultura etno-gráfica, un dos elementos máis importantes desa cultura foi a lingua. A lingua galega naceu nun espazo rural e naceu fundamentalmente como lingua de expresión dos campesiños. Nun momento determinado por unha decisión feliz dun pequeno sector, moi pequeno numericamente, pero con prestixio e dotado dun gran vigor espiritual, conseguiu no século pasado, no século dezanove, conseguiu que esa lingua que era un lingua fundamentalmente de expresión oral popular, se transformase tamén nunha lingua de expresión escrita culta. Que fose capaz de crear primeiro unha literatura poética, que os grandes heroes, como se ten dito do século dezanove, son fundamentalmente os poetas, e posteriormente tamén que lle dese a condición de lingua literaria en prosa. Son os creadores da prosa galega tamén os homes de Nós, e

que incluso eles sexan tamén os creadores da prosa científica. Polo tanto, o galego si que, ao revés do que sucedeu con outros elementos desta cultura popular, púxose en disposición de abandonar un mundo condenado a desaparecer e tratará de incorporarse a un mundo destinado a sobrevivir. Que o galego, se non desapareceu, foi porque nun momento determinado deixou de ser a lingua de expresión dese mundo etnográfico e pasou tamén a converterse, aínda que minoritariamente, na lingua de expresión dunha sociedade moderna. Este paso de lingua rural, de lingua dunha sociedade rural, a lingua dunha sociedade urbana, é un paso que non se completou e que foi, en certa maneira, a tarefa que se propuxo a Xeración Galaxia. Que esta lingua, que fora fundamentalmente lingua, primeiro rural e despois lingua poética e logo posteriormente lingua de expresión cultural total, pasase a ser a lingua de expresión normal da sociedade moderna galega.

Isto é un dos puntos sen completar, porque hoxe en día asistimos a un proceso que vostedes coñecen moi ben, un longo proceso que dura moitos anos, de substitución da lingua galega por parte da lingua castelá, que se mostra con moita máis vitalidade no campo social, quizais non no literario, é dicir, o noventa por cento do que se escribe literaria-

mente en Galicia escíbese en galego, pero, en cambio, iso non se corresponde coa realidade da vitalidade da lingua castelá na sociedade. O castelán conquistou ámbitos importantes da sociedade galega, pero non a sociedade en si. Hai un proceso de substitución, que se iniciou hai moitos anos, que avanzou lentisimamente até os anos sesenta, aproximadamente, e que desde entón empezou a acelerarse, de maneira que a realidade que temos nestes momentos é moi sinxela: cada vez hai moitos pais que habitualmente falan entre eles en galego que xa non lles transmiten a lingua aos seus fillos, que lles transmiten outra lingua, que é o castelán, e son, en cambio, moi poucos os pais que falan habitualmente en castelán entre eles que cambian de lingua para transmitirllas o galego. De maneira que se este proceso non se inverte, naturalmente estamos destinados a que en poucos anos o número de falantes en lingua galega sexa infinitamente máis pequeno que o número de falantes en lingua castelá, dándose un proceso inverso ao que ocurría até os anos cincuenta, que había un noventa por cento aproximadamente da poboación que se expresaba raramente en castelán, porque esa era a porcentaxe da poboación rural, e na mesma maneira en que Galicia se foi urbanizando, pois a lingua castelá foi avanzando. Así que se hai corenta anos a inmensa maioría dos gale-

gos falaban en galego habitualmente, hoxe encontrámonos con que a tendencia é exactamente a chegar á situación contraria, a que a inmensa maioría dos galegos falen en galego. É certo que nos últimos anos as medidas que se tomaron, o ensino en galego ou a utilización do galego como lingua escolar, a cooficialidade, a utilización do galego como lingua literaria practicamente universal en Galicia, o éxito da literatura galega, a conquista de determinados ámbitos como o político, parlamentario, administrativo, todo isto non inverteu a tendencia da substitución do galego polo castelán, pero probablemente tena ralentizado. Se tivésemos feito un estudo que hai anos que debía estar feito, que era o da avaliación do proceso de normalización lingüística que se iniciou coa autonomía, teríamos neste caso os datos máis claros. Poderíamos saber que ocorreu desde que o galego é a lingua cooficial e lingua escolar e lingua administrativa, poderíamos saber exactamente cal é a radiografía actual e se se moveu desde o ano 1982-83 este mapa ou se se moveu nunha dirección ou noutra, eu sospeito que se moveu só nunha dirección, aínda que probablemente non seguindo o proceso de aceleración que se iniciara nos anos sesenta.

Dito isto, atopámonos no comezo do novo século cunha perspectiva nova que é a dun mundo distinto que se vai con-

figurar. Un mundo que se está desenvolvendo diante dos nosos ollos, que todos percibimos que está cambiando, pero que aínda non sabemos a profundidade que vai ter ese cambio e que mundo cultural vai configurar ese cambio. Estamos na posición de intelectual e non de científico. O intelectual hai que definilo non como o que sabe, senón o que dubida, por iso pode avanzar na súa reflexión. A dúbida do intelectual é a súa grande arma de coñecemento. O que sabe non é o intelectual, o que sabe é o científico, porque opera xa sobre un ámbito de coñecemento onde se poden constatar os avances dunha maneira obxectiva. O intelectual non é un científico. O intelectual é un home que reflexiona e que avanza a partir da dúbida. Por iso os intelectuais están hoxe tan desconcertados ante isto que está pasando. Todos falamos de globalización, todos falamos de novas tecnoloxías, todos falamos de rede. Polo tanto, en fronte temos, efectivamente, algo que podemos chamar globalización, con todos os matices que queiramos, facendo todas as excepcións respecto do tópico que podemos estar xa creando, todos falamos de novas tecnoloxías, que son unha realidade que non podemos ignorar, e todos falamos tamén dese novo instrumento que é Internet ou a rede ou como lle queiramos

chamar. Do que nos resulta moi difícil falar é que mundo vai configurar todo isto.

Está claro que estamos cambiando a nosa concepción do mundo. Que consecuencias pode ter isto de cara ao futuro? Aínda non temos a posibilidade de sabelo. Sabemos que vai haber un cambio, pero non estamos en condicións de decidir en detalle en que vai consistir este cambio. O cambio vaise producir. Probablemente estamos asistindo, como xa asistimos noutra época da historia, a procesos de uniformización que xeran procesos de resistencia á uniformización. No século pasado, polo menos en Europa, hai un proceso de uniformización, que é o proxecto napoleónico de crear unha especie de imperio europeo lingüisticamente uniformizado coa lingua francesa. E isto sabemos que produce, por un lado, resistencias políticas contra o proxecto napoleónico, que é un proxecto imperial, globalizador, e, por outro lado, resistencias lingüísticas. É contra este proxecto contra o que sobreviven as linguas que hoxe chamamos minoritarias, como pode ser o occitano, como pode ser o catalán, como pode ser o galego, ou como pode ser o éuscaro, ou como poden ser outras linguas, incluso o proceso de debate que se abre en Grecia entre a lingua demótica e a lingua clásica. Hai, polo tanto, xa no século pasado polo menos, no ámbito europeo,

unha resistencia fronte a un proceso que podemos chamar globalizador. Hoxe en día, fronte a este proxecto globalizador, que se define a través das novas tecnoloxías, está claro que hai, ao mesmo tempo, un proceso de resistencia que se opón a este. Veremos ou estamos asistindo ás primeiras oposicións políticas. Estes días aínda podemos ver a través da televisión como en determinadas reunións de ámbito internacional aparecen xa as vangardas do que pode ser a oposición a ese proxecto globalizador no plano político, pero tamén hai resistencia no plano cultural. Estas resistencias defínense fundamentalmente pola forza que adquiren os movementos que apoian as singularidades, como se os países nese proxecto globalizador non quixesen perder a súa marca de identidade como pobo ou a súa marca de identidade cultural.

Aquí regresamos ao ámbito de Galicia. Nese proceso globalizador que tende á uniformidade, que tende a converter o mundo nun espazo único, incluso lingüístico, polo menos no manexo da rede, o inglés estase impondo practicamente como a lingua obrigatoria para moverse pola rede. Nese espazo de globalización, de uniformización, cal é o papel que lle pode corresponder ou que lle queda, por dicilo dunha maneira máis pesimista, a unha pequena cultura que se

expresa a través dunha pequena lingua? Cal é o papel que lle corresponde? Isto é o que temos que definir entre todos. Non é só un problema que afecte aos galegos, senón que afecta aos cataláns, afecta aos vascos, afecta aos bretóns, afecta incluso a países que teñen linguas identificadas cun Estado. En España somos catro linguas, pero só unha é a lingua do Estado, as demais son linguas de Comunidades Autónomas. Está por ver esa mitoloxía que se defende en calquera destas minorías de que un proceso de estatalización contribuiría dunha maneira clara a unha mellora do proceso lingüístico. Isto é moi dubidoso. En Irlanda, evidentemente, non funcionou. E tampouco é seguro que un proceso de estatalización contribúa a unha mellora da situación lingüística. En todo o caso, o que nos interesa a nós é saber cal vai ser o futuro destas culturas nesta situación nova que se está inaugurando ás portas do século XXI. Evidentemente, temos que abandonar ese universo simbólico de tipo cultural que construíron os homes de Nós e os homes de Galaxia. Galicia xa non é unha Galicia que se define como a definiu Risco, como a definiu Otero, como a definiu nin sequera no plano xeográfico, esta-se transformando, está cambiando. Entón terémola que definir de novo, pero a esencia de Galicia non se basea na cultura popular nin na cultura espiritual e material da aldea



galega. Baséase na lingua na medida que a lingua foi o único elemento dese pasado que sobreviviu e que tratou de incorporarse ao proceso de cambio dunha sociedade rural a unha sociedade industrial, a unha sociedade urbana. Definir isto é unha tarefa urxente, probablemente difícil, non probablemente, con toda a seguridade, difícil, e que é a única maneira de que podamos incorporarnos a ese proceso que se está debuxando. Aquí non valen procesos voluntaristas nin valen procesos máis ou menos románticos.

Eu quero rematar estas reflexións cunha anécdota persoal que creo que ilustra bastante ben todo canto acabei de dicir. Resulta que cando eu cheguei a Suecia a primeira vez, e naceu o meu primeiro fillo, alí en Suecia eu incorporeime a un movemento que estaba moi vivo na Suecia de entón, que era recuperar determinados elementos da cultura popular que aos suecos lles parecían moi útiles e moi fermosos para trasladalos á cultura urbana. Isto supuña que había moitos rapaces e rapazas que se ían vivir ao campo para facer o queixo como se facía á maneira tradicional, para cocer o pan en fornos como se facía na maneira tradicional, como un movemento de regreso á terra. Entre estes movementos, algúns deles, sen chegar ao radicalismo de ir vivir á aldea como campesiños, trataron de salvar determinados elementos materiais

da cultura popular sueca e incorporalos á urbana. Por exemplo, os berces dos nenos. Eran uns berces de madeira moi bonitos, eu compreille ao meu fillo un berce de madeira, era un daqueles berces novos de cores e de barrotes, e o neno durmía nunha camiña como podería durmir un neno no século XV ou no século XVI. Tamén dentro dese proceso romántico, de recuperación, compreille un axóuxere do século XVII, que era todo de madeira, precioso, que a min me parecía fermosísimo, e o neno xogou con aquel axóuxere no seu vello berce medieval durante algún tempo, xusto até que alguén lle regalou un axóuxere de plástico de cores. A partir daquel momento, tirou co axóuxere de madeira e o seu xoguete predilecto foi o que a min me horrorizaba, que era o axóuxere de plástico de cores, pero que a el era o que máis lle gustaba. Este é un símbolo bastante claro de todo o que acabo de dicir.

Pola miña parte, nada máis e moitas grazas.



# Índice

- 6 LIMIAR  
Dolores Vilavedra
- 17 A CULTURA GALEGA NO SÉCULO XXI  
Carlos Casares

ISBN 978-84-92923-87-8



9 788492 923878



CONSELLO DA CULTURA GALEGA